



**DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE VEDRA
SOBRE A SITUACIÓN E ACOLLIDA DAS PERSOAS REFUXIADAS
NA UNIÓN EUROPEA**

Coa recente chegada a Europa de cidadáns sirios que foxen do seu país, dunha guerra que non é a súa, a situación alcanzou un punto crítico, converténdose na maior crise de refuxiados dende a II Guerra Mundial. O exemplo sirio é estremecedor, con máis de 7.000.000 de persoas desprazadas internamente, e máis de 4.000.000 de refuxiados dende o 2011.

Nos últimos meses centos de miles de persoas tratan de chegar, de maneira extremadamente precaria, a territorio Europeo dende países nos que a guerra fai imposible a convivencia, tales como Libia, Eritrea, Siria, etc. Estas persoas non son criminais de guerra nin culpables do que sucede nos seus países e, ao igual que o resto de todos nós, como seres humanos, temos dereito, polo simple feito de selo, a ser axudados cando nos encontramos neste tipo de situacións.

Tanto a opinión pública como a conciencia e moral humanas esixen accións ambiciosas e urxentes por parte dos gobernos e as persoas ante unha situación tan terrible e crítica.

Por enriba de consideracións reguladoras, nacionais, relixiosas ou étnicas, é obriga dos poderes públicos promover o respecto aos dereitos humanos e facilitar o refuxio a toda persoa vítima de violencia, guerra ou persecución.

Non podemos seguir inmóbiles e indignándonos polas imaxes que vemos na televisión e tanto nos entristecen. Temos que actuar, por convicción moral e por respecto á lei.

Por iso, con esta declaración, os distintos grupos políticos representados no Concello de Vedra manifestan a súa vontade clara e firme de colaborar nas posibles solucións e alternativas á recepción e aloxamento das familias afectadas (sempre dentro das nosas posibilidades), facendo o posible para que a xustiza e a solidariedade sexan algo máis que palabras que quedan ben nos medios de comunicación.

Porque o pobo de Vedra como un pobo acolledor, bo e xeneroso, non pode, nin debe, nin quere manterse á marxe ante unha das maiores crises humanitarias dos nosos tempos, comprometéndonos a realizar o esforzo necesario para facilitar o reacollo de familias de refuxiados no noso concello, poñendo capacidades, infraestruturas e



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



recursos, tanto humanos, económicos como materiais (habilitando créditos orzamentarios se fose necesario) para dar asilo aos mesmos.

Igualmente comprometémonos a traballar de forma coordinada co resto de administracións, ONGs e a sociedade civil (facilitando a colaboración de cidadáns vedreses de forma particular) para dar resposta a esta crise de modo urxente, poñéndonos a disposición da FEGAMP, FEMP, Xunta de Galicia e do Goberno Central, para coordinar a acollida de refuxiados que cheguen a Galicia, e se poida ordenar de maneira eficaz a axuda e os recursos dos que se dispoñen para asegurarlles unha correcta cobertura de servizos, e lograr a súa integración na nosa sociedade.

Por último, non debemos obviar as tremendas dificultades existentes non so económicas senón tamén administrativas, idiomáticas, etc para garantirles aos refuxiados sanidade, vivenda, educación e atención social; por iso, e con independencia do esforzo económico e de toda índole que fará o Concello e o pobo de Vedra, solicitamos que, na medida do posible, a Deputación da Coruña, Xunta de Galicia e Goberno Central destinen e habiliten fondos e recursos de todo tipo a aqueles concellos, que coma o noso, acollan refuxiados, para que a súa estancia no territorio redunde no seu beneficio e facilite a súa rápida integración social e económica.